





Ola, son **Verónica Robles García**
 e o 28/03/2014 estarei en **Rialeda**
 coa charla titulada
**“Avances da realidade virtual:
 do videoxogo ao Parkinson”**
 nesta sinxela guía podes consultar algúns libros
 que a biblioteca seleccionou para ti relacionados
 coa neurociencia!!!





**“Experimentos sesudos con el cerebro”,
 de Nick Arnold**
*Nunca nos deixarán de sorprender os libros do divulgador
 Nick Arnold. Ilustracións divertidas e textos moi graciosos
 para describir o órgano que contén uns 100.000 millóns de
 neuronas. Ademais da información que podes acadar tes a
 posibilidade de facer numerosos experimentos caseiros.*



**“Tu fantástico y elástico cerebro: estíralo
 y módealo”, de JoAnn Deak**
*Libro con sinxelas definicións e decricións do
 cerebro. Dirixido aso/ás máis cativos/as. Describe
 as distintas partes do encéfalo: cerebro, cerebelo,
 hipocampo, amígdala e neuronas que hai que coidar
 e entrenar para crear máis conexións e facer un
 cerebro máis elástico e con máis capacidade de
 aprender.*

“Asombroso cerebro” de Adolfo Cassan
*Recomendamos este libro para comprender mellor o
 funcionamento do sistema nervioso e en particular do cerebro, así
 como coñecer aspectos da súa morfoloxía e actividade. En cada
 apartado preséntase unha lámina relacionada con algún aspecto
 do sistema nervioso e unhas breves explicacións sobre o mesmo.*






“O Parkinson: guía da enfermidade de Parkinson” de Manuel Noya García

Guía que pode axudar a pacientes e familiares de afectados/as por esta patoloxía neurolóxica. Realizada entre a Facultade de Medicina de Santiago e a Asociación Parkinson Galicia, pretender informar da realidade da enfermidade, medios para o diagnóstico, tratamento e axudas para facer máis doada a vida dos/das afectados/as e o seu contorno.



“El científico curioso” de Francisco Mora

Cada día aumenta o número de persoas interesadas nos procesos que ocorren a nivel cerebral. Non só nos seus aspectos médicos, como as enfermidades neurodexenerativas, senón con aspectos da vida diaria: memoria, aprendizaxe, consciencia, pensamento, etc.



“Los siete pecados de la memoria”, de Daniel L. Schacter

Neste interesante libro explícase que a memoria non é tan fiable cando intentamos recordar detalles do que sucedeu hai tempo. Sen embargo, ás veces, cando a memoria parece enganarnos, faino para sintetizar o significado xeral da nosa experiencia, para darlle un sentido ao que nos ocorre.



Ariel

“Neurociencia para Julia” de Xurxo Mariño

O científico e divulgador galego Xurxo Mariño presenta neste libro unha “viaxe de exploración á máquina da mente”: o sistema nervioso é a esencia do noso ser. É o responsable de que podamos oír, sentir frío ou calor, estar triste ou alegre, ter fame ou sede... o sistema nervioso crea o que somos. Apúntate a esta viaxe!

